



Decembro 2006

Periódico labrego de información  
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

## T Á B O A

### ■ Galiza

#### Indefensión das explotacións de horta en cuestión de seguros

O Sindicato Labrego Galego denunciou, durante o encontro territorial de seguros agrarios, a indefensión que padecen as nosas explotacións de horta en cuestión de seguros. Isto é así porque as pólizas están deseñadas para os invernadoiros do Mediterráneo, e non contemplan as nosas singularidades. **Páx. 6**

### ■ Aldea Global

#### A Comisión Europea teima en eliminar o sistema de cotas

A Comisaria de Agricultura xa anunciou de propia voz o que denunciaba, hai un mes, o responsábel de Relacións Internacionais do SLG, Xosé Ramón Cendán: a eliminación das cotas leiteiras. O Sindicato Labrego fixo un chamamento xeral á unidade para loitar contra isto. **Páx. 7**

### ■ Montes

#### Acordo para vender a madeira queimada nos incendios

O 26 de outubro, a Mesa da Madeira ratificaba un acordo para aproveitar a madeira queimada na vaga de lumes, e para a recuperación sostíbel dos montes arborizados queimados. O acordo terá vixencia dun ano, e fixa prezos mínimos dependendo do tipo de madeira. **Páx. 10**



Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

# O Ministerio cisma en que o 80% da cota fique na comunidade de orixe

■ A pesares de admitir melloras nos criterios de reparto da cota leiteira abandonada, o Ministerio de Agricultura obrigará a que o 80% dos dereitos fiquen na comunidade de orixe.

■ O Congreso deu o seu visto bo ao plano leiteiro, mentres que o Sindicato Labrego anunciou a súa oposición ao mesmo por atentar contra os intereses das explotacións galegas. **Páx. 5**



## O SLG impulsa Pasdeza para maximizar a rendibilidade das explotacións de vacún

Sesenta explotacións de vacún de carne e leite do Deza uníronse para facerse fortes á hora de comercializar os seus produtos. Teñen en común apostar por un modelo gandeiro sustentábel baseado no pastoreo. Así, no último mes, os gandeiros e gan-

deiras de Pasdeza participaron no mercado de outono de Pontevedra e na Feira Sostíbel de Lalín. A súa intención era a de dar a coñecer o que producen directamente á xente, eliminando na relación comercial aos intermediarios. **Páxs. 2 e 3**



## Unha nova ameaza voa sobre as nosas explotacións: os cultivos enerxéticos

Nas últimas semanas, dende algunhas organizacións agrarias e dende a propia Administración, estiveron anunciando con moito rebumbio unha nova bicoca para o noso agro: os cultivos enerxéticos. Pero a bicoca ten letra pequena,

pois estamos a falar dun tipo de produción que arrasaría coa base territorial das explotacións dos outros sectores agropecuarios, e que só sería rendíbel estando fortemente subvencionada pois, do contrario, sería ruínoa. **Páx. 4**

## O SLG lidera o traballo en prevención de riscos laborais no agro galego

No primeiro Congreso sobre Prevención de Riscos no Sector Agropecuario brillou con luz propia o traballo desenvolvido neste eido polo Sindicato Labrego Galego. De feito, na intervención do SLG, levada a cabo polo res-

ponsábel nesta materia na organización agraria, Antonio Ferreiro, expuxéronse as bases do que debería ser a política da Xunta de Galiza nesta cuestión, baseada en catro piares fundamentais. **Páx. 6**





Edita:

**Edicións Fouce**

Departamento de Publicacións de  
Servicios Agrarios e Contables S.L.  
CIF: B - 27165646

**Coordinación:**

Xosé García

**Colaboracións:** Ramón

Barreiro, Charo Sánchez  
Parga, Miriam Ferreira, Xosé  
Manuel González Vilas, Lidia  
Senra, Isabel Vilalba, Mónica  
Vázquez e Antonio Ferreiro.

**Deseño e maquetación:**

Xosé García

**Sede da redacción:**

Rúa Touro nº 21, 2º  
Santiago de Compostela  
Tlf: 981 580449  
Fax: 981 572570

**Depósito Legal:** C-749/88

**SINDICATO  
LABREGO  
GALEGO**

COMISIÓN  
LABREGAS

**LOCAIS**

**SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532  
**MELIDE** - Praza do Convento nº2  
**ARZÚA** - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D  
Tlfno. 981 508 177  
**MUXÍA** - Antiga autoescola Quintás  
**CARBALLO**  
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169  
**MAZARICOS** - Bar Jurjo  
**SANTA COMBA**  
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909  
**ORDES** - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º  
Tlf. 981 682908  
**PONTE CARREIRA** - Bar O Taxista  
**BETANZOS**  
Praza da Constitución nº 4, 1º.  
Tlf: 981 773377  
**SARRIA**  
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186  
**CURTIS**  
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654  
**SAN SADURNIÑO** - 981 490430  
Lugar de Outeiro s/n  
**AS PONTES** - Rúa Balsa nº 28  
**O BARCO** - Casa sindical  
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723  
**CELANOVA** - Rúa Areal nº6, baixo.  
Teléfono: 630 970 131  
**O CARBALLIÑO**, Casa sindical  
Teléfono: 630 970 131  
**VERÍN**  
Travesía de Sousas nº 20, Galerías  
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439  
**RIBADAVIA**  
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230  
Fax. 988477230  
**XINZO**  
Casa Sindical Tlf. 988 462547  
**TRIVES** - CIG Casa Sindical  
Teléfono 699 924 634  
**LUGO**  
Miguel de Cervantes nº47, ent.  
Tlf. 982 231154  
**MONFORTE**  
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005  
**CHANTADA**  
Praza do Concello, baixos AISS  
Tlf/Fax: 982 462103  
**ESCAIRÓN** - Local da Cámara Agraria  
**RIBADEO** - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS  
Tlf/Fax. 982 130615  
**LOURENZÁ**  
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376  
**VILALBA** - Cidade de Viveiro 1 ent. A.  
Tlf.982 512431  
**A ESTRADA** - Capitán Bernal nº10, 1º  
Tlf/Fax 986 573232  
**MEIRA** - Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño  
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714  
**LALÍN** -  
Arenal nº1, 1º andar. Tlf. 986 782191  
**SILLEDA** - Avenida do Parque, 32  
Centro comercial O Parque, oficina 12  
986 580526  
**TEIXEIRO** - Rúa Martínez Pardo nº13,  
1º esq / Tlfno. 981 789 781  
**PONTEAREAS**  
R/ Dario Bugallal nº15, 1º. 986 641508  
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00  
**O ROSAL** - Rúa Ramón Franco, Edif.  
Rosales. Tlf. 986 625 394  
**O SALNÉS**  
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,  
Ribadumia. Tlf. 986 711825  
**VIANA DO BOLO** Antigo centro de  
saúde. Tlfno. 629 621 047

# Pasdeza sae de feira para darse a coñecer en toda Galiza

Sesenta explotacións de vacún únense para tentar comercializar o seu produto sen intermediarios

*Coa Feira Sustentábel de Lalín, organizada polo Sindicato Labrego Galego en colaboración co Concello desta localidade pontevedresa, a Asociación Pasdeza daba o seu segundo paso importante de cara a darse a coñecer*

*á xente. O contacto directo con consumidores e consumidoras é só unha das facetas dunha asociación que busca facer rendíbel a actividade gandeira mellorando na comercialización e nos prezos, e reducindo os custes.*

Cando comezaba o ano 2006, o Sindicato Labrego organizaba unhas xornadas sobre produción sustentábel en Lalín. A xente que participou nelas concluíu que cumpría mellorar en moitos aspectos na extensificación do gando, nos criterios de sustentabilidade, ou na rendibilidade do produto.

A pesares de que os obxectivos iniciais de Pasdeza foron modestos, hoxe son sesenta explotacións de leite e de carne da comarca dezás que están a desenvolver programas de xestión ambiental grazas a esta asociación promovida polo SLG.

Unha das metas de Pasdeza é diferenciar a carne que se produce nas súas explotacións. E iso acádase pola propia natureza das ganderías que participan na experiencia, con becerros que aleitan de vacas nutrices ata o intre do sacrificio nun sistema de pastoreo tradicional. Ademais, en Pasdeza apostan claramente pola recuperación das razas de vacún autóctonas como Rubia Galega, Vianesa, Cache-na, Caldelá ou Frieireira.

Desta conxunción de modelo produtivo e raza xorde unha carne de primeirísima calidade, rica en ácido Omega 3 -excelente para prever o colesterol-, e cun sabor de gran exquisitez e intensidade que a diferencia, de lonxe, doutras carnes producidas en cebadeiros.

Pero a calidade do produto non serve de nada se este non se vende, e aí é onde entran as feiras nas que participan as explotacións de Pasdeza. Tanto a de Pontevedra como a de Lalín foron un escaparate para dar a coñecer esta carne directamente a consumidores e consumidoras e, de paso, eliminar intermediarios.

Neste senso, segundo explicou o responsábel do SLG na bisbarra, Mariano Lema, Pasdeza quere afondar nesta



Unha das actividades feirais de máis éxito foi a degustación gratuita de carne de tenreira

cuestión pódose en contacto con aqueles segmentos do mercado que practican un consumo consciente e res-

ponsábel para intentar organizar con eles mecanismos alternativos de distribución.

Esta tarefa é lenta, pois

esixe a implicación de quen merca en aspectos como a adquisición dun conxelador para poder conservar a

## Menos custes e prezos de 6 euros por quilo canal grazas á calidade

Grazas a esta diferenciación por medio da calidade, en Pasdeza cren que poderán fixar prezos para a carne que producen ao redor dos 6 euros por quilo en canal. Ademais, tamén de cara a facer máis rendíbel a actividade gandeira, as explotacións de Pasdeza asinaron un convenio co Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo para desenvolver experiencias orientadas a reducir custes de produción.

Unha delas consiste na produción de proteína vexetal en Galiza para non ter que depender da soia importada e traída de fóra da explotación. Nestes intres, están plantadas varias leiras con chícharo forraxeiro e tritcale (cruce de trigo e centeo) para re-



As explotacións de Pasdeza apostan pola cría de razas de vacún autóctonas que tamén expoñen nas feiras ás que van

coller en primavera e darlle un aporte de proteína aos animais de colleita propia.

Máis centrada na produción leiteira, en Pasdeza tamén investigan a redución de custes a través da substitución dos abonos químicos por un uso racional do zorro. Neste senso, cómpre

pensar que producir millo custa algo máis de 1.000 euros por hectárea, dende que se sementa ata que se recolle; deses cartos, entre 350 e 400 euros gástanse en abonos químicos, cartos que se poderán aforrar se a investigación cos zorros dá resultados positivos.



Fouce falou coas gandeiras e gandeiros de Pasdeza sobre o presente e as expectativas da asociación

# Do prado á mesa sen escalas

*Collemos ás gandeiras e gandeiros de Pasdeza feireando no mercado sustentábel de Lalín, celebrado os días 25 e 26 de novembro. Foi esta a segunda ocasión, despois da Feira de Outono*

*de Pontevedra, na que deron a coñecer ao público o seu produto. Como cadaquén fala da feira segundo lle foi, se facemos caso destas voces, as feiras de Lalín e Pontevedra foron ben. Aín-*

*da menos mal, pois traballar na comercialización, amais de reducir custos e mellorar no valor do produto, virose necesidade nun sector que segue "cos prezos de hai vinte anos".*



**Antonio Carral Sucasas, Cima do Alle, Filgueira, Lalín.**

## “Con Pasdeza, os cartos quedan para ti e non nas mans dos intermediarios”

Antonio é un dos poucos de Pasdeza que xa produce leite ecolóxico certificado nunha explotación na que ten medio cento de frisonas producindo.

Este gandeiro lalinense explica que o obxectivo de Pasdeza é o de producir máis barato e mellorar no prezo final grazas á calidade, e dentro dun sistema sustentábel de pastoreo, e "para iso organizamos feiras para chegar directamente ao consumidor co noso produto e sen intermediarios".

Para chegar a estes obxectivos "no medio ano de vida que ten Pasdeza, xa nos embarcamos en dous programas de investigación para reducir custos -un

sobre zurros, e outro sobre produción de forraxes en base ao chícharo para complementar o millo-, e xa fixemos dúas feiras".

Outro dos aspectos que destaca Antonio de é a independencia que ten cada explotación, pois "Pasdeza non é unha cooperativa que che controle; só se dedica a promover o teu produto buscándolle mercado, e axúdache a produci-lo máis barato. Pero ti es o dono da túa produción, e controlas o seu proceso dende a explotación ata o punto de venda, de maneira que os cartos quedan para ti e non en mans dos intermediarios".

**Amada Saa Fuentes, Balado, Sello, Lalín.**

## “Os nosos becerros dan unha carne de moi boa calidade. Quen a proba, repite”

Na explotación de Amada, os becerros de raza Rubia Galega e Parda Alpina críanse ao aire libre ata que teñen seis meses e aleitan ata o intre do sacrificio. Con Pasdeza, agora esta carne poderá diferenciarse doutras "que se están a vender como carne do país a pesares de vir de reses cebadas a base de penso". Outro problema engadido é que "nos están mercando os becerros a un prezo inferior ao que había antes da crise das vacas tolas. Daquela baixou o valor da carne, e baixo ficou, a pesares de que a carne segue subindo nos puntos de venda".

Para Amada, Pasdeza debe facer a función de

dar a coñecer o produto "de tal maneira que poidamos venderlle directamente á xente, mesmo deixando que veña ata a nosa explotación, que vexa os becerros que temos, e que elixan o que queiran, eliminando así os intermediarios".

Unha vez que se dean a coñecer, Amada confía en que a comercialización será máis doada, pois "os nosos becerros dan unha carne de moi boa calidade que quen a proba repite. Creo que, contra máis nos coñezan, mellor nos irá, polo que penso que imos mellorar moito participando en feiras como a de Lalín ou a de Pontevedra".



**Xosé Anxo Oro Trastoy, Castro, Baíña, Agolada.**

## “Podemos mellorar reducindo custos cun bo pastoreo e minimizando os pensos”

Na súa explotación, Xosé Anxo produce leite e carne cos animais nun réxime de pastoreo extensivo, con 266.000 quilos de cota e 20 vacas de carne.

Este gandeiro agolense que, ademais, é presidente de Pasdeza, recorda que "a idea de crear a asociación xurdiu dun grupo de explotacións que estabamos a recibir as axudas agroambientais e que practicabamos pastoreo na comarca do Deza. En principio, xuntámonos para mellorar as técnicas de pastoreo nas explotacións e para recuperar e conservar razas autóctonas como Rubia Galega, Vianesa, Cachena ou Caldelá".

Tamén sinala Xosé Anxo que un dos obxectivos fundamentais de Pasdeza é "baixar os custos, xa que os prezos veñen impostos de fóra e as explotacións acadan valores moi baixos para a súa produción". Nembargante, "nós podemos mellorar isto reducindo os custos cun mellor pastoreo e diminuíndo a cantidade de pensos que se lle dá aos animais. Quen produce en ecolóxico, ademais, pode buscar mellores prezos ao poder diferenciar a carne e o leite respecto ao doutras explotacións". En calquera caso, Pasdeza responde a unha situación na que "estamos a cobrar o leite e a carne como hai vinte anos".

**Editorial****Nova ameaza para o noso agro: os cultivos enerxéticos**

**M**oito se esta especulando cos bio-carburantes como nova alternativa agrícola no noso país; un sector que, seica, pode chegar a ter un grande peso se se plantan as máis de 170.000 hectáreas que, segundo se di, son idóneas para este tipo de cultivos en Galiza.

Primeiramente, hai que apuntar que o interese polos denominados cultivos enerxéticos vén dado por diversas directivas europeas que pretenden, no ano 2010, abastecer o 5% das necesidades de gasóleo dos estados da Unión a través desta agricultura. De feito, esta é a única enerxía, supostamente renovábel, na que a Unión Europea se marca metas concretas, a diferenza doutras como a solar ou a eólica. Non é casualidade, se temos en conta o interese das multinacionais dos aceites vexetais á hora de aproveitar un maná de fondos públicos que se vai dedicar a esta oportunidade verde.

Na perspectiva galega, tentar acadar os obxectivos das directivas europeas implicaría a necesidade de dedicar unha enorme superficie de boas terras para estes cultivos, xa que estamos a falar de xirasol e colza, principalmente, xa que os cereais que producen bioetanol son moito menos rendíbeis en termos de eficiencia enerxética.


Ademais, para que Galiza se pasase aos cultivos bioenerxéticos habería que solucionar un problema serio respecto da cantidade de terras das que dispomos. No noso país, temos unhas 800.000 hectáreas de terras de labor, das cales só servirían para cultivos bioenerxéticos -por motivos de estrutura e dimensión- a metade. Polo tanto, se destinamos 170.000 hectáreas a cultivos enerxéticos, provocaríamos o esganamento dos actuais sectores agropecuarios punteiros do noso país como o leite, a carne, a pataca e outros; amais de encarecer o acceso á terra, pois inflaría a demanda desta pola expectativa de captar subvencións públicas, que é un dos grandes atractivos cos que se está a vender este tipo de agricultura.

Isto xúntase ao incremento dos custes dos inputs para a alimentación animal, da que Galiza depende nunha grande porcentaxe da importación. A base territorial para a produción de forraxes é fundamental para garantir a viabilidade das explotacións e para unhas producións alimentarias sostíbeis no marco da eco-condicionalidade.

Os cultivos enerxéticos precisan de boa terra fértil de labranza, polo que se desbota a posibilidade dos montes comunais polo impacto que tería este aproveitamento en termos de sobremecanización e erosión do solo. Asemade, os cultivos enerxéticos amosan outras graves inconsistencias, co-

*"Cos cultivos enerxéticos corremos o perigo de comprometer recursos financeiros moi valiosos que precisan os sectores agropecuarios básicos do noso país -gandería, horta, pataca e viño- e, o que é peor, a posibilidade certa dunha devastación socioeconómica e ambiental irreversible"*

mo o seu suposto rendimento enerxético, que se estima en 600 litros de gasóleo por hectárea e ano, dos que habería que restar o que se gasta no cultivo, sementes, máquinas e outros custes soterrados non avaliados (fertilizantes, pesticidas, ou herbicidas). Hai estimacións que revelan que, en termos netos, o que se podería sacar por hectárea con este tipo de cultivos sería case cero ou, mesmo, negativo; de feito, todos os monocultivos extensivos e mecanizados son enerxeticamente negativos



unha vez computado o balance de *input-output*, xa que a produción de biodiesel non compensa todos os gastos internalizados.

Existe tamén un estudo realizado en Italia que chega á conclusión de que resulta máis rendíbel importar a produción de colza e xirasol da Europa do Leste, que cultivar os catro millóns de hectáreas necesarias para acadar os obxectivos europeos de cubrir o 5% do abastecemento do gasóleo.

■ **A quen benefician os cultivos enerxéticos?** Seguramente se beneficiarían os seguintes axentes: As multinacionais dos aceites vexetais, as distribuidoras de combustibles, os lobbys de "desenvolvemento rural" para vender a moto, os grupos académico de investigación financiados con cartos públicos, os vendedores de maquinaria agrícola pesada, e as multinacionais dos agroquímicos e transxénicos.

■ **A quen e a que prexudican os cultivos enerxéticos?** Á suficiencia enerxética de Galiza; á fertilidade dos nosos solos; ás nosas explotacións gandeiras, que terían comprometida a terra; e á facenda pública, que terá que gastar cartos inutilmente e, ademais, deixará de cobrar impostos, xa que sen exencións fiscais o biodiésel deixa de ser atractivo para as petroleiras.

Diante de todas estas evidencias que desaconsellan, a todas luces, que Galiza opte polos cultivos enerxéticos, dende o Sindicato Labrego Galego chamamos a un debate público sobre esta importante cuestión que podería alterar significativamente a ordenación agrícola e forestal do noso país. Cos cultivos enerxéticos corremos o perigo de comprometer recursos financeiros moi valiosos que precisan os sectores agropecuarios básicos do noso país -gandería, horta, pataca e viño- e, o que é peor, a posibilidade certa de ocasionar unha devastación socioeconómica e ambiental irreversible no noso contexto actual.





# O Ministerio cisma en que o 80% da cota fique na comunidade de orixe

O SLG seguirá opoñéndose a un plano leiteiro no que Galiza será a grande prexudicada do Estado

O 22 de novembro, a Comisión de Agricultura do Congreso dos Deputados aprobou un acordo para reformar o plano leiteiro do Ministerio. A pesares de que o BNG pedía que o Ban-

co Estatal de Cota Láctea xestionase o 100% dos dereitos abandonados, os socialistas teimaron e só permitirán que o 20% pasen á reserva, ficando o restante 80% na comunidade onde es-

tean. Aínda que en aspectos mellora algo, o SLG xa anunciou a súa frontal oposición a un plano deseñado contra os intereses das explotacións galegas e ao servizo das grandes granxas.

Ao final, a teimosía do PSOE puido, e o Ministerio de Agricultura tentará sacar adiante un plano leiteiro con algunhas melloras, pero que seguirá mantendo a obriga de que o 80% da cota abandonada fique na súa comunidade de orixe.

Diante disto, o Sindicato Labrego Galego manifestou o seu apoio ao avance de posturas máis sociais na distribución de cota leiteira da reserva e do banco, e ás melloras en aspectos de reparto e distribución dos dereitos de produción no sentido de facer un plano máis xusto e solidario; pero anunciou a súa oposición a que o reparto de cota se territorialice.

Para o Sindicato Labrego é imprescindible que, como punto de partida, se abandone a idea da rexionalización do reparto se queremos que non exista discriminación entre explotacións situadas en diferentes territorios do Estado. Desta maneira, debería ser unha premisa



De nada serviu pedir a Touriño que intercedese polo leite galego ante os seus colegas de Madrid

básica do Plano Leiteiro do 2006 un reparto xusto da cota feito polo Ministerio en toda España, cos mesmos criterios e condicións en todas as comunidades autónomas. Para o responsábel dos sectores gandeiros do SLG, Xabier Gómez Santiso, "no intre en que se renuncie a este criterio de rexionalización, a

distribución xusta e solidaria da cota leiteira estará garantida sempre e cando se apliquen criterios sociais de reparto, tanto na reserva como no banco de cotas".

Por iso, a non territorialización da cota é unha demanda irrenunciábel para o Sindicato Labrego Galego e, polo tanto, seguirá pelexan-

do para acadala. O Sindicato Labrego sempre defendeu que a distribución de dereitos de produción se faga entre labregos e labregas a nivel europeo, e non vai admitir agora, baixo ningún concepto, unha rexionalización dentro dos territorios do Estado, xa que isto establecería diferentes varas de medir

ou, o que é o mesmo, discriminaría a explotacións dependendo do territorio onde estivesen situadas.

Finalmente, o Sindicato Labrego agarda que o proxecto de Plano Leiteiro do 2006 se siga reformando de cara a estatizar o reparto da cota segundo criterios sociais que beneficien á explotacións que máis o necesiten, de maneira que se faga viábel a actividade de todas aquelas que aínda seguen, hoxe en día, en activo.

Tampouco no BNG quedaron satisfeitos con este acordo co PSOE. De feito, a deputada nacionalista no Congreso, Olaia Fernández Dávila, denunciou que a proposta do Goberno pode supor o peche das explotacións de pequeno e mediano tamaño que, a pesares de querer continuar, atópanse cun plano que "favorece ás grandes e incentiva a concentración de cota nalgúns territorios con poucas explotacións". Dávila acusou a Ministra de vulnerar os seus compromisos.

## Campaña do SLG para cobrar por fill@s menores de tres anos

A Secretaría das Mulleres do SLG conseguía, hai un mes, que a Seguridade Social comezase a pór remedio á discriminación que padecen as labregas á hora de percibir a axuda de 100 euros ao mes por ter fill@s menores de tres anos.

Ata agora, a Axencia Tributaria obrigáballes a devolver os cartos percibidos por este concepto, na declaración da renda, alegando que non teñen ingresos propios, e a pesares de ser profesionais da agricultura e de cotizar á Seguridade Social

O problema agora é que o meirande das mulleres afectadas non teñen información. De feito, o Sindicato Labrego só coñece os casos que recorreron a través das súas oficinas, cando hai un importante número de nais labregas que, ou ben non recorreron, ou ben desistiron diante das primeiras negativas da Axencia Tributaria.

Esa é a razón pola que o Sindicato Labrego d'A Mariña iniciou unha campaña de recollida de datos respecto das mulleres labregas con fill@s menores de tres

anos ao cargo para que notifiquen o seu caso diante da Seguridade Social e poidan, desta maneira, cobrar unha paga de 100 euros ao mes á que teñen todo o dereito.

O Sindicato Labrego Galego xa puxo a disposición das mulleres afectadas as súas oficinas e o seu persoal técnico en Ribadeo. Así e todo, as mulleres labregas ás que lle estean a esixir a devolución da paga por ter fill@s menores de tres anos, poden acudir a calquera oficina do SLG en Galiza para solucionar o seu problema.

## O Sindicato Labrego Galego sobe en Lalín e tamén na comarca do Deza

O Sindicato Labrego da comarca do Deza experimentou, nos últimos tempos, un incremento da súa afiliación que lle obrigou a ter que mudar o local da sede comarcal, en Lalín.

Tras analizar varias opcións, decidiuse seguir no mesmo edificio, na rúa Areal nº 1. A diferenza é que se deixa o entrechán, onde se traballou ata o de agora, e sóbese ao primeiro andar. O responsábel do Sindicato Labrego na bisbarra, Mariano Lema, chanceou ao respecto dicindo que "no Deza

o Sindicato Labrego Galego sobe, non só en número de afiliados e afiliadas, senón tamén sobe co seu local de Lalín".

Deste xeito, a afiliación do Sindicato Labrego Galego no Deza contará, a partir de agora, cun inmoble moito máis amplo, con capacidade para organizar reunións e dotado co servizo das novas tecnoloxías.

O novo local seguirá abrindo coa mesma regularidade que o viña facendo ata o de agora, de luns a xoves en horario de mañá.

# O SLG lidera o traballo en prevención de riscos laborais no agro galego

O seu responsábel de Formación, Antonio Ferreiro, participou no primeiro congreso galego desta materia

*O Sindicato Labrego participou, os días 20 e 21 de Novembro no primeiro Congreso de Prevención de Riscos no Sector Agropecuario, que tivo lugar no Pazo de Congresos de Santiago. O*

*SLG estivo representado polo seu responsábel de Formación, Antonio Ferreiro, que estruturou a súa intervención en dúas partes: unha centrada na análise do traballo feito polo Sindica-*

*to Labrego na prevención de riscos laborais no agro, e outra que expuxo os catro piares da que debera ser a política preventiva para o agro que desenvolva a Consellaría de Traballo.*

Na primeira parte da súa intervención, Antonio Ferreiro fixo unha análise exhaustiva do traballo desenvolvido polo SLG, até agora, en materia de prevención de riscos no sector. Nese senso, destacou as campañas de información, de sensibilización e de formación realizadas polo Sindicato Labrego, destacando a elaboración de diversos libros e manuais, así como as seccións monográficas no periódico Fouce.

Segundo Ferreiro "o SLG foi a primeira organización agraria galega que elaborou, publicou e divulgou un manual de prevención de riscos laborais", ao tempo que subliñou a súa moi positiva acollida por parte de labregos e labregas.

Nembargante, liderando claramente as propostas que emanaban da parte das organizacións sindicais, Ferreiro centrou a maior parte da súa intervención nunha serie de liñas de traballo plurianuais que lle propuxo á Administración e aos demais axentes implicados.

Estas liñas de traballo son, fundamentalmente,



Antonio Ferreiro e Lidia Senra na presentación de *Os riscos laborais na actividade agropecuaria*, de Edicións Fouce

catro:

1. Unha campaña plurianual de información e concienciación que leve, nun período de entre catro e cinco anos, a unha situación na que non haxa case ningún traballador ou traballadora

no sector que non recibise algún tipo de información en materia de riscos e da súa prevención.

2. Unha potente campaña formativa oficial que proporcione unha formación básica á inmensa maioría da

## Aumento de presión das mutuas aseguradoras sobre as explotacións agrarias

Asemade, o responsábel de Formación do SLG incidiu na necesidade de revisar a metodoloxía de elaboración das estatísticas de siniestralidade, dadas as notábeis diverxencias dos datos recompilados con respecto á siniestralidade real. Neste eido, Ferreiro denunciou o xeito de actuar da inspección de traballo e das mutuas, xa que se percibe un "aumento da presión" que estas últimas exercen sobre as explotacións.

Nese senso, Antonio Ferreiro criticou que o sector se vexa sometido a un nivel de esixencias, en materia de prevención, para o que -a diferenza doutros sectores- nunca ninguén o preparou. Diante deste feito, o técnico do Sindicato Labrego recomendou poder dispoñer dun período de adaptación ás esixencias legais que emanan da lexislación en materia preventiva. A isto habería que engadir a necesidade de crear un marco lexislativo propio adaptado as características do sector agropecuario galego.

Neste primeiro Congreso de Prevención de Riscos no Sector Agropecuario participou tamén a Asociación forestal "Frouma" a través dunha das súas técnicas, María Amparo Ferreira, que fixo unha análise dos principais riscos que se detectan na actividade forestal, ao tempo que propuxo unha serie de medidas alternativas que poden contribuír a reducir significativamente a siniestralidade neste sector.

xente que traballa no sector.

3. Entrar a fondo no tratamento da problemática das enfermidades que son consecuencia da actividade agropecuaria, para avanzar no recoñecemento destas doenzas como enfermi-

dades profesionais.

4. Conectado a este último punto, Ferreiro fixo especial fincapé na necesidade dunha xeneralización de periódicas revisións médicas para as traballadoras e traballadores do sector.

En marzo e setembro, as nosas explotacións de horta sufrían un duro revés cos temporais, pero unha nova labazada aínda lles agardaba: o meirande delas atopáronse sen seguros que cubrisen os estragos, xa que a pólizas actuais están deseñadas para rexión mediterránea e non se adaptan á realidade galega. Así o denunciou o responsábel da área no SLG, Marcos Louzao, no encontro territorial de seguros agrarios.

A xuntanza tivo lugar en Compostela, o pasado 13 de novembro, e nela o Sindicato Labrego reclamou diante da Entidade Estatal de Seguros

## A horta galega indefensa por uns seguros feitos para o Mediterráneo

Agrarios (Enesa), dependente do Ministerio de Agricultura, e Agroseguro, unha nova normativa que contemple as especificidades do sector hortícola galego.

Marcos Louzao denunciou a situación de desamparo que viven @s propietarios@s de invernadoiros do noso país á hora de asegurar as súas instalacións, xa que as pólizas ofertadas por Enesa e Agroseguro están deseñadas para o Mediterráneo.

Así, non contemplan estragos por temporais, como os que arrasaron boa parte das explotacións hortícolas do norte coruñés en marzo e setembro deste ano.

Outra das singularidades de Galiza respecto do Mediterráneo é que, ao haber menos radiación solar, os plásticos non se deterioran tanto e duran máis anos, feito que se debería contemplar nas cláusulas dos seguros agrarios. Ademais, moitos dos requi-

sitos esixidos para subscibir unha póliza, orientados máis ben ás explotacións industriais de Andalucía, fan que moitas de tipo familiar ao final fiquen sen asegurar por non poder cumprilos.

Diante disto, o Sindicato Labrego solicitou unha revisión das normas en base á realidade galega que contemple as nosas especificidades. Louzao agarda que "o Ministerio de Agricultura tome nota deste tema,

porque senón os invernadoiros galegos van seguir desamparados, con moitas explotacións ao borde da creba ao non poder asumir a reparación dos estragos dos últimos temporais".

Outra das demandas presentadas polo SLG nesta xuntanza, dirixida a Medio Rural, foi que se mellore a retirada de cadáveres e materiais específicos de risco (MER) das explotacións. Para iso, Louzao indicou que cumpría obrigir á empresa adxudicataria do servizo a ser máis eficaz. A Consellaría comprometeuse a facelo sen que repercuta nun encarecemento do servizo.



## O SLG demanda unidade contra a liberalización do sector leiteiro

Mariann Fischer Boel anunciou a intención da Comisión Europea de rematar co sistema de cotas

*A comezos de outubro, o responsábel de relacións internacionais do SLG, Xosé Ramón Cendán, traía de Bruxelas a nova de que a Comisión Europea ía rematar co sistema de cotas leiteiras. O pasado 13 de novembro,*

*a Comisaria de Agricultura, Mariann Fischer Boel, confirmábo. O SLG chamou á unidade das administracións, partidos políticos e sindicatos para oporse a esta tentativa de liberalizar o sector leiteiro europeo.*

As palabras textuais de Mariann Fischer Boel ante a Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo foron: "A abolición do réxime de cotas é, a longo prazo, o escenario máis prometedor para o sector leiteiro da Unión Europea". O que Fischer Boel denomina "longo prazo" é o ano 2015. Diante desta declaración de intencións, o Sindicato labrego Galego (SLG) xa fixo público o seu total rexeitamento a esta liberalización do mercado do leite; e amosouse disposto a loitar e buscar alianzas con outras organizacións europeas para reclamar unha nova política leiteira baseada no control, e que remate coas inxustizas e desigualdades provocadas pola actual política de cotas.

A liberalización do mercado leiteiro anunciada pola Comisaria vai provocar novas baixadas dos prezos do leite e acelerará aínda máis o proceso de destrución da produción familiar. Un bo exemplo do que pode



A Comisaria de Agricultura xa anunciou as intencións da Comisión de abolir as cotas leiteiras

acontecer na Unión Europea, se os plans de Mariann Fischer Boel van para adiante, témolo no sector leiteiro dos Estados Unidos, onde non existe ningunha política de control da produción. Nunha recente viaxe ao país americano, a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego,

Lidia Senra, comprobou que este modelo está creando graves problemas ao sector (as explotacións labregas de cen vacas están desaparecendo, o envellecemento é alarmante), no medio ambiente (a contaminación do aire, da auga e dos solos zurreos acada niveis

insostíbeis), na saúde (tanto dos traballadores e traballadoras como da poboación en xeral), e no eido dos dereitos laborais (as grandes granxas industriais empregan man de obra inmigrante, sen contratos laborais e, moitas veces, sen papeis).

## Sen control da produción haberá caída xeneralizada de prezos

Por outra banda, Xosé Ramón Cendán, responsábel de Relacións Internacionais do SLG, participou, recentemente, en calidade de membro da Executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE), na Conferencia sobre Simplificación e Reforma da Política Agraria Común (PAC), en Bruxelas. Alí, puido comprobar que a intención da Comisión Europea é poñer materia prima barata a disposición da agroindustria, sen importarlle os dereitos dos labregos e labregas nin os dos consumidores e consumidoras.

O Sindicato Labrego Galego non tolerará unha política leiteira que siga sumindo aos gandeiros e gandeiras que traballan con vacas de leite nunha situación de precariedade cada vez maior; nin permitirá o desenvolvemento

de grandes macroexplotacións industriais que se leven por diante as explotacións familiares, que contaminen a esgalla, e que obriguem a converterse en man de obra barata e sen dereitos laborais á inmensa maioría da xente que -na actualidade- vive e traballa nas súas explotacións familiares.

Para o Sindicato Labrego Galego, a nova política leiteira na UE deberá estar baseada na produción para o consumo interno europeo, no control da produción, na existencia dun prezo mínimo que cubra os custes e o traballo nas explotacións, e nunha redistribución xusta do dereito a producir entre os labregos e labregas en todo o territorio da Unión.

Diante das alarmantes declaracións de Fischer-Boel, o Sindicato Labrego



Cendán foi o primeiro en traer a Galiza a nova da desaparición da cota

Galego demandou das administracións galega e estatal, dos grupos políticos, e de toda a sociedade, unha posición forte e contundente para deter a liberalización dos mercados agrarios, en xeral, e do leite, en particular.

## Medra a presenza de substancias químicas nos alimentos da Unión Europea

A Comisión Europea vén de facer público o informe sobre a presenza de pesticidas en froitas, cereais e hortalizas durante o ano 2004 en Europa. As análises demostraron que a porcentaxe de substancias químicas presentes en alimentos para consumo humano segue a medrar.

Se collemos o período que vai de 1998 a 2004, os refugalloos fitofarmacéuticos pasaron do 13'7% ao 23'4%. En 2004, un laboratorio contabilizou 18 substancias químicas diferentes en uvas e pementos doces. Mentres que en 1998, no 60% das mostras non se atoparon refugalloos, en 2004 a porcentaxe xa baixou ao 53%.

## Venezuela constrúe tractores para apoiar a súa revolución agraria

A empresa mixta Veniran, creada polo Goberno de Hugo Chávez en Venezuela hai un ano, estima fabricar 4.000 tractores no ano 2007, co que duplicará a súa produción. Ata outubro de 2006, esta empresa venezolano-iraní ubicada en Ciudad Bolívar fabricou 1.227 tractores, cifra que acadará os 1.500 antes de que remate o ano.

Veniran fabrica varios tipos de tractores: de 75 cabalos con tracción sinxela e dobre, de 110 cabalos cos dous tipos de tracción, e un para pequenos labregos destinado a horta e froita.

Grazas ao Goberno de Chávez, Venezuela produce, por primeira vez na súa historia, maquinaria agrícola. Esta iniciativa forma parte da revolución agraria que se está a dar no país caribeño. Antes de Hugo Chávez, Venezuela importaba doutros países o 70% dos alimentos que consumía. Agora, nun período de cinco anos, o Goberno venezolano repartiu máis de dous millóns de hectáreas de terra entre 130.000 familias labregas.



# Coca Cola e Pepsi adubadas con DDT e outros pesticidas na India

Inician no país asiático unha campaña nacional para crear espazos públicos libres destes refrescos

*Diversos movementos cidadáns da India veñen de comezar unha campaña para combater á Coca Cola e á Pepsi. Do mesmo xeito que en Europa prohibimos o tabaco en lugares públicos para protexer a nosa saúde, na*

*India reclaman espazos libres destes refrescos. A protesta ten que ver con que, tanto Coca Cola como Pepsi, inzan os seus produtos de pesticidas, amais de contaminar e esgotar os acuíferos das rexións onde os fabrican.*

Na India hai noventa fábricas de Pepsi e Coca Cola. Cada fábrica destas precisa máis dun millón de litros diarios de auga para producir os refrescos. No proceso de elaboración, precísanse catro litros de auga limpa para producir un litro de produto; isto significa que, por cada botella de refresco, volverán ao subsolo tres botellas de auga contaminada con chumbo, cadmio e cromo.

Outro problema serio que teñen na India cos refrescos de cola é o dobre raiseiro sanitario que utilizan estas multinacionais á hora de elaborar os seus refrescos. Así, os produtos da empresa Coca Cola fabricados no país asiático nunca poderían ser vendidos na Unión Europea ou en Estados Unidos pola alta cantidade de pesticidas que conteñen, especialmente DDT. As proporcións de agrotóxicos nos refrescos da Coca Cola india chegan a ser trinta veces superiores ás permitidas polas autoridades sanitarias europeas e estadounidenses.



Mozos indios destruindo un cartaz publicitario de Coca Cola

Segundo conta Edmundo Fayanas Escuer no xornal dixital Rebelión, o currículo contaminante e destrutor do medio ambiente de Coca Cola dá a volta ao mundo. Así, as queixas de seca e contaminación de pozos e acuíferos por culpa da multinacional tamén se escoitan na factoría de San Cristóbal de las Casas, en Chiapas (México). En Panamá, a multinacional levou unha multa de 300.000 dólares por contaminar con colorantes o río

Matasnillo, a baía de Panamá e o ecosistema da cidade. En 1991, un tribunal colombiano demostrou que Coca Cola vendía as súas bebidas contaminadas.

## ■ Europa tampouco se libra das bebidas lixo

En Europa, revela Escuer, tampouco nos libramos. En Polonia, por exemplo, o mal lavado dos envases produciu mofo na auga embotellada Bon Aqua. En 1999, Bélxica, Holanda e

Luxemburgo retiraron do mercado os produtos da Coca Cola polo mesmo motivo, deixando un saldo de duascenas persoas intoxicadas. Nese mesmo ano, Francia tamén tiña que suspender a comercialización de varios produtos da compañía, por producir a destrución dos glóbulos vermellos na xente intoxicada, o cal podería ter derivado en anemias, insuficiencias renais e, en casos extremos, na morte.

De todos xeitos, xa non é ouro o que reloce, e cada vez máis xente é a que senmascara o auténtico rostro desta multinacional embelecida grazas a millonarias campañas de publicidade. De feito, ademais da campaña para reclamar espazos libres de Coca Cola na India, hai máis de 170 universidades no mundo, moitas delas estadounidenses, que poñen trabas á venda de produtos da multinacional pola súa teima en destruír e envelenar ao medio ambiente e ás persoas en calquera curruncho do mundo.

## Paraná exprópialle a Syngenta unha factoría de sementes transxénicas

Grazas á Vía Campesina do estado brasileiro de Paraná, a multinacional da manipulación xenética Syngenta xa non poderá seguir producindo sementes transxénicas na zona. O caso é que Syngenta estaba a producir estas sementes sen licencia, polo que o gobernador de Paraná, Roberto Requião, ordenou a expropiación por interese público das 300 hectáreas nas que a multinacional suíza desenvolvía o seu labor.

A expropiación levouse a cabo despois de que as autoridades estatais paraenses descubrisen que as actividades de Syngenta representaban unha ameaza e incumprían a lei, pois a área de traballo estaba a tan só catro quilómetros do Parque Nacional de Iguazú, declarado Patrimonio Natural da Humanidade pola Unesco.

Medio ano antes, no mes de marzo, a Vía Campesina ocupara esta área de Syngenta para denunciar a situación, o que provocou que o Instituto Brasileiro de Medio Ambiente penase á empresa cunha multa de 500.000 dólares. Agora, esas terras que eran de Syngenta, destinaranse a un uso radicalmente distinto ao que viñan desempeñando: servirán para desenvolver técnicas e experimentos relacionados coa agricultura ecolóxica.

3 de xullo de 2003. Convocadas pola Plataforma Transgenics fora e pola Assembleia Pagesa de Catalunya, setenta persoas irrompían nunha leira experimental de trigo transxénico en Giménells (Lleida), propiedade do Irta (Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentaria) e da Universidade de Barcelona. Tres anos despois, o pasado 19 de outubro, nunha tentativa de criminalizar a oposición aos organismos manipulados xeneticamente (OXMs), as denuncias remataban nun xuízo contra o activista Albert Ferré que, felizmente, era absolto.

O proceso contra Albert Ferré foi o primeiro realizado no Estado español contra un activista anti-transxéni-

## Absolven ao activista catalán acusado de destruír unha leira transxénica

cos, e foi visto por moitas organizacións coma un xuízo político para amedrentar a quen se opoña á manipulación xenética. De feito, o castigo solicitado pola fiscal era, a todas luces, excesivo: 469.064 euros e quince meses de prisión, que equivalen a 24.000 euros máis. O crime cometido por Ferré foi ser entrevistado pola Televisión de Cataluña despois da destrución da leira transxénica, pois esa era a única proba coa que contaba a acusación, sen que houbera ningunha testemuña que lle vise arrincar unha espiga de trigo.

O curioso do xuízo era que quen debía sentarse no banco dos acusados, o Irta e a Universidade de Barcelona, comparecían como acusadores, xa que as leiras experimentais destruídas non cumprían as condicións técnicas nin as medidas de seguridade obrigatorias, segundo informa Ecoloxistas en Acción.

## ■ Máis acusados en espera de xuízo

A pesares da boa nova, aínda existe unha persoa acusada por participar na destrución de leiras trans-

xénicas no Estado. Trátase de Josep Pàmies, un labrego de Balaguer acusado de agredir a un garda civil no transcurso dunha manifestación contra a Organización Mundial do Comercio (OMC) e a imposición dos cultivos transxénicos. Para Transgenics Fora, "este caso evidencia o esforzo da Generalitat para reprimir con argumentos inverosímiles a mobilización dos labregos e labregas de Lleida contra os cultivos transxénicos".

Non é de estrañar que o goberno catalán sexa hostil de cara a calquera tipo de

manifestación contra a manipulación xenética. Transgenics Fora denuncia que "a Generalitat e as multinacionais que producen transxénicos e agrotóxicos, como Syngenta e Monsanto, son as responsábeis de que Cataluña sexa, xunto con Aragón, a rexión europea con máis hectáreas de transxénicos cultivados. No ano 2005, plantáronse unhas 17.000 hectáreas de millo manipulado en Cataluña". Esta organización tamén acusa á Generalitat de vulnerar a lei ao non ter plans de seguimento control dos OXMs.



# Vía Campesina reclama da FAO que defenda a agricultura familiar labrega

O organismo da ONU para a Agricultura fracasa nos seu obxectivo de reducir a fame á metade en 2015

*Diante da reunión do Consello da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO), celebrada entre o 20 e o 25 de novembro, a Vía Campesina fixo un chama-*

*mento internacional para que este organismo recupere un papel de liderado na promoción de iniciativas e políticas que combatan a fame e a marxinação das zonas rurais en todo o mundo, e*

*que aseguren o acceso a recursos como a terra, as sementes, ou a auga. O chamado fixose nuns intres nos que a FAO semella traballar máis ben para as grandes empresas transnacionais.*

O chamado de Saraigh facíase despois de que se descubrixe, nun foro da FAO celebrado entre o 30 e o 31 de outubro, que as pretensións de reducir a fame no mundo adoptadas no Cumio Mundial sobre Alimentación de Roma, celebrado en 1996, van camiño de rematar nun fracaso absoluto. En efecto, o obxectivo de reducir a fame á metade no ano 2015 non só está lonxe de cumprirse, senón que a situación empeorou: o número de persoas que sofre fame ou están desnutridas aumentou, na última década, de 840 a 852 millóns.

Por iso, a Vía Campesina reclamou da FAO que traballe activamente en políticas destinadas a promover unha reforma agraria integral en todos os países do mundo e que contemple a redistribución da terra, o recoñecemento e respecto aos territorios ancestrais dos pobos e aos sistemas de labor das comunidades pescadoras. Tamén reclamou da FAO que protexa os dereitos dos pobos e comunidades labregas e indíxenas sobre as sementes e os coñecementos tradicionais, ameazados pola tecnoloxía transxénica e o patentado de seres vivos; e que protexa tamén o seu acceso a dereitos públicos como educación, saúde e seguridade social. Asemade, a Vía Campesina esixiu especial protección para a produción de alimentos que veñan da agricultura familiar labrega, destinados a consumo local e fomentando métodos de cultivo agroecolóxicos.

A Vía Campesina explica que, actualmente, a FAO e o Fondo Internacional para o Desenvolvemento da Agricultura (IFAD) son os únicos organismos intergobernamentais e multilaterais dedicados especifi-



O secretario xeral da Vía Campesina, Henri Saraigh, asinou as demandas dirixidas á FAO

camente á agricultura, á pesca e á alimentación. Polo tanto, esixe que "a FAO defenda a produción labrega, así como políticas que respecten os dereitos de todos os pobos rurais e que se baseen en criterios de sus-

tentabilidade e soberanía alimentaria".

## ■ Centos de millóns de labreg@s marxina@s

Tamén lle advirte Vía Campesina á FAO que "o seu mandado non inclúe traba-

llar para o sector empresarial, nin fomentar a produción agrícola e alimentaria intensivas e orientadas cara ás exportacións".

Para a Vía Campesina é "escandaloso" que aínda haxa no mundo centos de

millóns de labregos e labregas e indíxenas marxina@s e sufrindo fame, "produto das agresivas políticas de liberalización e privatización fomentadas polo Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e, máis recentemente, pola OMC e os tratados de libre comercio, que destruíron o sustento de millóns de persoas e deterioraron as súas condicións de vida, sobre todo nos países do sur".

Froito das políticas destes organismos é un aumento crecente da pobreza e a marxinalidade, que se ceban nas zonas rurais, onde viven dous terzos da poboación máis pobre e esfameada do mundo. Esas políticas teñen provocado a expulsión de comunidades enteiras das súas terras, migracións masivas forzadas cara aos arrabaldes das grandes cidades e, mesmo, o suicidio de miles de labregos e labregas que non puideron facer fronte ás súas débedas bancarias.

## Os transxénicos provocan na India un xenocidio labrego

As técnicas comerciais agresivas da multinacional Monsanto están levando a miles de labregos indios a un severo endebadamento e ao suicidio. Dende hai uns anos, Monsanto vendeu a panacea das sementes de algodón transxénico Bt, prometendo colleitas de 750 quilos e 226 dólares de beneficios adicionais por acre.

Por desgraza, os labregos indios non sabían que estaban a ser enganados. Endebedáronse para mercar as sementes manipuladas -un labrego na India gaña uns 50 euros ao mes e pode chegar a gastar uns 600 para mercar esas sementes-. Descoñecían que, para que o algodón transxénico se achegue aos resultados prometidos, é necesario multiplicar os gastos de produción en fertilizantes e pesticidas, que tamén vende Monsanto. Así, as colleitas foron un auténtico desastre: entre 150 e 50 quilos por acre, cun gasto medio de 135 dólares, cando antes obtiñan 250 quilos cuns custes de 10 dólares por acre.

Por se non abundase, os labregos indios descoñecían que as plantas transxénicas non lles ían dar as sementes para a vindeira colleita porque estaban deseñadas para ser utilizadas unha soa vez. Así que poucas saídas lles



Vía Campesina denunciou o suicidio masivo de labregos na oitava conferencia do Convenio de Diversidade Biolóxica

quedaron: vender as terras e emigrar ás chabolas dos arrabaldes das cidades; traballar como escravos para algún terratenente; ou suicidarse. Esta última foi, precisamente, a saída elixida por 40.000 labregos indios na última década, que se quitaron a vida por non poder facer fronte ás débedas contraídas por utilizar sementes de algodón transxénico. Curiosamente, moitos tiveron unha morte atroz inxerindo o pesticida que contribuíra a arruinalos.



# Acordo na Mesa da Madeira para aproveitar as árbores queimadas

Frouma reclama que se repitan as negociacións de aquí en diante coma noutros sectores agropecuarios

*O 26 de outubro, a Mesa da Madeira ratificaba un acordo para o aproveitamento da madeira queimada na vaga de lumes e para a recuperación sostíbel dos montes arborizados afectados.*

*Asinárono as asociacións de propietarios e propietarias, as empresas de servizos forestais e as de aproveitamento da madeira, as industrias de primeira e segunda transformación, e*

*a Xunta. O acordo terá vixencia dun ano, e consiste na fixación duns prezos mínimos para a madeira queimada, e recomendacións para aproveitar e rexenerar as áreas arrasadas.*

Os compromisos adquiridos polas industrias son a compra da madeira queimada que lles ofrezan aos prezos acordados, a redución da importación de madeira dos mercados exteriores, e o aproveitamento da madeira queimada tendo en conta as indicacións dos propietarios e respectando o manual de boas prácticas. A Consellería de Medio Rural comprometeuse a axilizar os trámites das autorizacións de corta.

No tocante á recuperación dos montes afectados polos lumes, Medio Rural aceptou establecer unhas liñas de axuda, nun prazo máximo de seis meses, coas que se lle dará prioridade a recuperación destas zonas. As actuacións con cargo a estas axudas deberán cumprir unha serie de esixencias, tales como asegurar a sustentabilidade do bosque e a adaptación ecolóxica do arboredo a plantar, a inclusión de sistemas de prevención de incendios, a integración da superficie queimada agrupando aos propietarios en unidades de xestión forestal sostíbeis, e o uso de material forestal de calidade.

Ademais, deberán ter en conta os problemas sanitarios que sofren os bosques galegos. Estas axudas daranlle prioridade aos montes que contén un proxecto de ordenación ou un plan técnico de xestión.

Outro dos compromisos adquiridos pola Consellería de Medio Rural foi o de propoñerlle aos organismos competentes a exención tributaria dos ingresos recibidos pola venda da madeira queimada. Para acceder a esta exención fiscal haberá que asegurar a rexeneración da superficie arborada; e xes-

| TIPO DE MADEIRA                                                                                                                                                                                | PREZO MÍNIMO                                                 | PRAZO DE CORTA      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------|---------------------|
| Madeira de piñeiro con destino á serra (dimensión mínima en punta delgada da primeira troza (h=2,5 m) = 14 cm) sen grande afectación polo lume e sen síntomas de apodrecemento polo azulado    | 42-57 euros / tn                                             | Até xaneiro de 2007 |
| Madeira de eucalipto con destino á serra (dimensión mínima en punta delgada da primeira troza (h=2,5 m) = 35 cm) sen grande afectación polo lume e sen síntomas de apodrecemento polo azulado. | 40-54 euros / tn                                             | Até xaneiro de 2007 |
| Madeira de piñeiro con destino á trituración.                                                                                                                                                  | 30-36 euros / tn con cortiza                                 | Até xuño de 2007    |
| Madeira de eucalipto con destino á trituración.                                                                                                                                                | 32-41 euros / tn con cortiza<br>43-52 euros / tn sen cortiza | Até xuño de 2007    |
| Madeira de trituración de eucalipto (pólas).                                                                                                                                                   | 18-27 euros / tn con cortiza                                 | Ao longo de 2007    |

Táboa cos prezos de cotización acordados para a madeira queimada na vaga de lumes

tionar a rescisión do compromiso de vinte anos para terreos afectados polos lumes nos que os seus pro-

prietarios percibiran axudas das medidas de reforestación da Política Agraria Común (PAC). Neste último

caso, se a rescisión non fora posíbel, permitirase novamente a plantación nestas fincas.

## Un manual de boas prácticas para recuperar as superficie forestal arrasada polo lume

O acordo establece tamén un manual de boas prácticas para a restauración dos montes queimados. Indícase o deber de deixar as vías e camiños forestais en bo estado despois do desembosque e transporte da madeira queimada. Tamén se recomenda a trituración dos restos de corta, con tres excepcións: zonas de grande pendente, onde sexan recollidos para biomasa forestal, ou onde cumpran a función de protección do solo.

Con pendentes maiores do 30%, aconséllase a disposición dos restos en barreiras seguindo as curvas de nivel, cada 40 ou 50 me-

tros, coa fin de evitar procesos graves de erosión e escorrenta. Débense protexer, manter e mellorar as áreas de vexetación ripícola, evitando o arrastre e acumulación de restos que puidesen deteriorar as canles dos leitos.

Logo do aproveitamento, deberá manterse algunha árbore morta -entre cinco e dez por hectárea-, coa fin de garantir procesos esenciais do ecosistema (pousadeiros de aves, descompoñedores, etcétera), avaliando o posíbel risco de pragas ou doenzas. Os refugalloos xerados pola actividade forestal débense recoller e depositar no lugar axeitado. Trala

## Valoración positiva con matizacións

A Asociación Forestal Frouma valorou positivamente o acordo, por ser "a primeira vez que se chega a algo semellante", mais con matizacións.

En primeiro lugar, Frouma considera que establecer uns prezos mínimos para a madeira, tanto verde como queimada, debería de facerse cada ano, igual ca en sectores coma o leiteiro ou vitícola, e non só en situacións excepcionais. Ademais, a asociación non comparte a reforestación das terras agrícolas, pois non resulta un xeito racional de xestionar o territorio.

Finalmente, Frouma denunciou a actitude de certos grupos de presión que tentaron impor os seus criterios, sen contar coa opinión e achegas do resto de integrantes da Mesa da Madeira.



Barreiras nos montes da comunidade de Meira (Moaña) para evitar a erosión da terra queimada polas choivas

corta, incentivarase a inmediata posta en valor da zona afectada segundo criterios de sustentabilidade, fomentando a rexeneración natural ou artificial, e buscando a multifuncionalidade do monte.

Tamén se indica a necesidade de fomentar plans de xestión forestal sustentábel nos montes afectados que agrupen varios propietarios veciños coa fin de executar un manexo conxunto das súas propiedades.



# Unha comitiva do SLG coñece de preto o sector vitivinícola italiano

Corenta persoas de todas as nosas denominacións de orixe estiveron unha semana no país transalpino

*Unha comitiva do Sindicato Labrego Galego viaxou a Italia para coñecer de preto o sector vitivinícola deste país. Foi unha intensa semana actividades e visitas na que participaron corenta persoas de todas as denomina-*

*cións de orixe galegas e de diversos organismos relacionados co sector vitivinícola do noso país. A experiencia serviu tamén para estreitar a unión entre o SLG e a Associazione Rurale Italiana (ARI).*

En concreto, a delegación do Sindicato Labrego percorreu as zonas vinícolas de Custozza e Bardolino, na rexión xeográfica de Lago di Garda, e visitou experiencias ben dispaes. Como exemplo desta diversidade temos, por unha banda, a adega Azienda Agricola Bergamini, de carácter familiar, que practica unha agricultura eco-compatible, ten 12 hectáreas de viñado tradicional en pérgola e produce 60.000 litros ao ano; e por outra banda, a adega cooperativa Cantina Sociale di Custozza, na que se integran as explotacións de 140 socios que suman 1.100 hectáreas de viñedos e unha produción de 17 millóns de quilos de uvas, con 25 traballadores fixos e 35 en época de vendima, e unha ampla gama produtiva: dende caldos de gama baixa a viños de elite,



Na comitiva do Sindicato Labrego había xentes de todas as denominacións de orixe galegas

pasando por ecolóxicos, vermú, barricas, toneis, augardentes, etcétera.

Tamén se aproveitou a viaxe para visitar experiencias agrarias alleas ao sector

vitivinícola, como unha cooperativa familiar hortofroiteira e biolóxica rexentada por tres irmáns. Esta explotación, na que traballan tres irmáns, producen

dende leitugas e tomates, ata kiwis, amorodos e plantas medicinais como valeriana. Todo en trinta hectáreas co 95% dos cultivos baixo plástico.

## Un medio rural co territorio ordenado e con moi pouca terra abandonada

A viaxe remataría o 10 de novembro, con visitas tres adegas. A primeira pertencía á denominación de orixe Valpolicella, e era de carácter familiar e utilizaba métodos agrarios ecolóxicos. A segunda foi a adega Azienda Agricola Gamba, dedicada á elaboración de viño con uvas pasas de calidade.

Xa pola tarde, a xente do SLG achegouse a outra adega biolóxica familiar, pero desta vez pertencente á denominación de orixe Soave: a Azienda Agricola Fasoli Gino. Nesta última visita, puideron comprobar que a transición de convencional a ecolóxico non sempre é doada, pois nesta adega tiveron problemas

durante os cinco primeiros anos por mor da alta pluviometría da rexión. Polo demais, en Fasoli Gino producían vinte tipos distintos de viño en cantidades pequenas, exportando a Europa o 90% e vendendo en Italia o 10% restante.

Segundo un dos integrantes da expedición, o responsábel do sector vitivinícola do SLG, Xosé Manuel González Vilas, "unha das cousas que máis nos chamou a atención foi unha escurpulsosa ordenación do territorio da que carecemos en Galiza. De feito, esta rexión de Italia demostra que son perfectamente compatíbeis os usos industriais, agrícolas e residenciais do solo". Unha das



Amais de adegas e viñedos, tamén se visitaron explotacións hortofroiteiras que traballaban con métodos ecolóxicos

consecuencias positivas da ordenación é que ás penas hai terra abandonada.

A visita había servir tamén para intensificar as relacións entre o Sindicato Labrego Galego e a Associazione Rurale Italiana (ARI). Así, non faltou un intercambio directo cos labregos e labregas da rexión, que non se limitou só ás palabras ou ao debate de ideas e posicións sindicais; senón que tamén se com-

partiron cantigas e produtos do agro de ambos países. Por parte de Galiza, os compañeiros e compañeiras de Italia probaron os nosos viños, chourizos, marmellos, augardente de herbas, licor café, licor de noces, etcétera; a comitiva galega, do mesmo xeito, puido degustar produtos italianos como pandoro, panetone, mazás, zume de mazá, torta de amorodo e mazá, passito, etcétera.

## Campana do SLG nas DOs para informar sobre os contratos homologados

O Sindicato Labrego Galego está levando a cabo unha intensa campaña informativa nas catro denominacións de orixe nas que a compravenda de uva se está a facer a través de contratos homologados: Valdeorras, Ribeiro, Ribeira Sacra e Rías Baixas. Trátase dun xeito de relación comercial ao que o sector non está afeito, polo que moitas viticultoras e viticultores atópanse desorientados ante as novas regras do xogo. Por iso, o SLG está realizando numerosas charlas informativas e mantén a disposición de quen o precise as súas oficinas abertas en todas as rexións vitivinícolas do noso país.

Amais de asesorar sobre como formalizar un acordo de compravenda cunha adega a través de contrato, o persoal técnico do SLG tamén está traballando para que a súa afiliación se beneficie doutra das novidades desta vendima: a posibilidade de cobrar a uva vendida antes de que remate o ano, grazas a un acordo co Instituto Galego de Promoción Económica (Igapec).

## Bo nivel dos caldos de colleiteir@ no Salón de Viños de Galiza

Entre o 25 e o 27 de novembro, celebrouse n'A Coruña a segunda edición do Salón de Viños e Augardentes de Galiza.

Deste evento, o responsábel do SLG no sector, Xosé Manuel González Vilas, destacou "a presenza de vinte colleiteiros, moitos afiliados ao SLG". Segundo Vilas, "isto demostra a aposta do sector pola vertente labrega na produción vitícola, baseada en criterios de calidade e selección de castes autóctonas".

Para o responsábel do viño no SLG, "houbo un nivel altísimo dos viños de colleiteiro en todas as denominacións de orixe, o que demostra o bo intre que vive este modelo produtivo".



# Agricultura de certificación compartida para unir o consumo coa produción

EHNE e COAG organizaron en Durango o primeiro seminario internacional sobre esta cuestión

*Unha comitiva do Sindicato Labrego asistiu ao primeiro Seminario Internacional sobre "Agricultura de Certificación Compartida", realizado en Durango (Biscaia) entre os días 10 e 11*

*de novembro, e organizado polo sindicato agrario vasco ENHE e a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG). O encontro serviu para sentar as bases do que é unha*

*relación directa, consciente e activa de consumidores e consumidoras con labregos e labregas, hoxe materializada no movemento Arco (Agricultura de responsabilidade compartida).*

O eixe central ao redor do que virou o seminario foi o traballo dos grupos de relacións directas entre consumidores e consumidoras e labreg@s. Precisamente, no encontro participaron agricultores e agricultoras que forman parte de movementos implicados na compravenda directa de produtos agrarios vidos dende Portugal, Suíza, Francia, Estados Unidos, México e dende varios puntos do Estado español.

Na primeira xornada, tras unha inauguración que correu a cargo de membros da executiva da COAG, falouse e debateuse sobre soberanía alimentaria, que é o dereito que teñen os labregos e labregas a producir os alimentos para abastecer ao pobo do que forman parte. Nesta parte, analizouse o actual estado da soberanía alimentaria no mundo, e houbo duras críticas contra o sistema neoliberal e as grandes distribuidoras, que destrúen a agricultura labrega e local con evidentes repercusións negativas na calidade dos alimentos, feito que o Sindicato Labrego vén denunciando dende vello.

Como alternativa, debatéronse esquemas e modelos de comercialización, analizándose os puntos positivos e negativos dos mesmos.

Unha das partes máis interesantes foron o relato da xente que está a desenvolver experiencias de venda directa, pertencentes a organizacións como AMAP (Confederación Paysanne, Francia), Movemento Recíproco "Cabaz da Horta" (Portugal), "Jardins de Cocagne" (Suíza), "Rede Mexicana de mercados e tianguis orgánicos" (México), "Jast Food", (Estados



Xentes de Europa, América e da Península Ibérica déronse cita no seminario de Durango

Unidos), "Local Food Pioneers" (Italia), BAH (Baixo o Asfalto está a Horta, Madrid), e "Xarxa Consum Solidari" (Comercio Xusto, Cataluña).

Tralos relatos destas experiencias, realizouse unha posta en común do vivido durante todo o día que, en palabras dunha das participantes galegas, Charo Sánchez Parga, responsable de agroecoloxía no SLG, "resultou unha experiencia moi intensa".

Unha das conclusións que se tiraron desta posta en común foi que o modelo de comercialización dos produtos que impera hoxe en día non serve, de onde xurde a necesidade de construír outro novo. E falando, fóronse perfilando algúns dos criterios comúns que debería ter este modelo alternativo: relación directa entre consumidores e consumidoras cos/as labreg@s baixo criterios de responsabilidade e participación; consumo de

produtos frescos e de temporada; desenvolvemento de mercados locais e creación de redes curtas de consumo; prezos máis xustos para os labregos e labregas; sistemas de entrega dos alimentos en caixas; ou rexeitamento dos organismos modificados xeneticamente.

Aínda que non era un criterio, cabe resaltar que a maioría da xente participante traballaba con alimentos e baixo criterios ecolóxicos.

## Agricultura de responsabilidade compartida: Arco

Na segunda xornada traballouse sobre propostas para a construción dunha rede estatal de grupos que fomenten a relación directa entre consumidores e consumidoras e labreg@s. Neste contexto, ENHE e COAG presentaron o Movemento ARCO, palabra que quere transmitir o concepto de sensibilidade, e cuxas siglas veñen de Agricultura de Responsabilidade Compartida. ARCO é unha iniciativa que xurdiu da inqueda de labregos e labregas e que, hoxe,

O Movemento ARCO, siglas de "Agricultura de Responsabilidade Compartida",

é unha iniciativa que xurde nos inicios da súa andadura da inqueda dos labregos e labregas, e que hoxe ten varios grupos no que tamén se integran consumidores e consumidoras. Nestes grupos desenvólvese un traballo formativo, tanto de cara á produción como ao consumo. Coa fin de xerar lazos de interrelación, a actividade formativa será constante e igualitaria. Ademais, estes grupos están a aplicar o concepto de soberanía alimentaria dentro da súa aposta por un consumo consciente.

## O SLG participará no comité de traballo permanente

Finalmente, definíronse unha boa mancha de eixes e bases de traballo común para realizar no futuro:

■ Relocalización, ou reactivación do local.

■ Limitación na venda a intermediarios, deixando un só elo na cadea comercial. Isto favorece as relacións, que xeran confianza.

■ A creación dunha estrutura sólida baseada no traballo das relacións humanas, facendo rede entre os integrantes do grupo.

■ A reconquista do papel de labregos e labregas como alimentadores.

■ Conservar e promover as variedades locais, ademais do produto de temporada.

■ Código de conduta baseado na participación, na solidariedade, na sinceridade e no achegamento.

■ Prezos xustos para as dúas partes do arco: consumo e produción. Agricultura de calidade, non agricultura cara.

■ Dentro do grupo non se certifican os alimentos, senón as persoas.

■ Non se exclúen os diferentes sistemas de produción, aínda que se pretende estender o concepto de agroecoloxía.

■ Recoñécese a importancia da muller nestes grupos dende a súa dualidade como produtora de alimentos e consumidora.

■ Socialización dos cidadáns e cidadás, é dicir, reeducación dos consumidores e consumidoras.

Para desenvolver estes obxectivos, decidiuse crear un comité de traballo permanente no que participará o Sindicato Labrego.



# A Secretaría das Mulleres participou no Día contra a Violencia de Xénero

O SLG apoiou a concentración da Marcha Mundial das Mulleres en Compostela este 25 de novembro

*Unha comitiva da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego apoiou, o pasado 25 de novembro, a concentración organizada na compostelá praza do Toural contra a violencia de xénero. O acto estaba organizado pola Coordinadora Nacional da Marcha Mundial das Mulleres en Galiza cun slogan ben clariño: "Respéctame"*

O informe do Consello de Europa presentado en Madrid, a finais de novembro, sinala que unha de cada catro mulleres europeas foi vítima de malos tratos; e que unha de cada dez sufriu, nalguna ocasión cando menos, unha agresión sexual. O Comisario de Dereitos Humanos do Consello de Europa, o sueco Thomas Hammarberg, denunciou que as medidas tomadas polos gobernos para atallar esta problemática non son as axeitadas, lembrando que a maioría das vítimas son agredidas no seu propio fogar. Hammarberg criticou, así mesmo, que moitas veces déixase en mans de ONGs a protección das vítimas, e non se emprega o financiamento axeitado. O Comisario fixo unha referencia clara á necesidade de adoptar novas medidas de protección e afastamento; servizos de apoio; programas de detección no ámbito sanitario; e garantías de aloxamento para as mulleres, preferentemente nas súas vivendas.

Este ano, no que xa van



Mulleres do Sindicato Labrego apoiaron a concentración organizada pola Marcha Mundial das Mulleres en Compostela (arriba), que este ano se fixo baixo o lema "Respéctame" (dereita)

máis de sesenta mulleres mortas a causa da violencia machista no Estado español, a Marcha Mundial elixiu o lema "Respectame" neste día de denuncia.

A responsábel da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba, lembra que "malia a que xa queda algo lonxe aquel 17 de decembro de 1999 no que a Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas (ONU) de-

clarou esta data como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, en conmemoración da morte en 1960 das tres irmás Mirabal -activistas políticas da República Dominicana asasinadas por orde do ditador Rafael Trujillo-, o certo é que a violencia machista segue a ser no día de hoxe unha dos atentados máis terribles e habituais contra os dereitos humanos".



## O SLG fixo as súas achegas á Lei de Servizos Sociais da Xunta

O Sindicato Labrego mantivo, o pasado 9 de novembro, un encontro en Vicepresidencia para facer as súas achegas á Lei de Servizos Sociais, que se está a redactar na Xunta. Por parte do SLG acudiron a responsábel da Secretaría das Mulleres, Isabel Vilalba, e Rocío Trastoi. Ambas valoraron positivamente que se lle dese ao SLG a posibilidade de facer observacións na fase inicial deste texto lexislativo, algo pouco habitual.

Desta maneira, segundo declarou Isabel Vilalba, "re-

coñécese o papel fundamental que debemos desempeñar as organizacións agrarias na definición dos obxectivos desta lei, pois a súa aplicación no medio rural será moi importante para a xente que ten o campo como lugar de residencia".

En canto ás cuestións de fondo, o SLG pediu que a dotación de recursos sexa equilibrada e que garanta a aplicación da Lei de Servizos Sociais en termos de igualdade, con independencia de onde viva a xente. Neste senso, o texto recolle unha clasi-

ficación de concellos segundo a súa dotación de recursos que, a xuízo do Sindicato Labrego, deixa ao medio rural cunha cobertura insuficiente. Dende Vicepresidencia comprometéronse a contemplar unha petición do SLG a este respecto, que consiste en orquestrar nas comarcas servizos especializados que roten polo medio rural.

Outra das peticións que achegaron Isabel Vilalba e Rocío Trastoi foi que estes servizos sexan de titularidade pública. Finalmente, o



Imaxe de arquivo do encontro de Lidia Senra e Isabel Vilalba coa secretaria xeral de Benestar, María Xesús Lago

Sindicato Labrego chamou a atención sobre o carácter "excesivamente prestacionista" do proxecto, xa que "está moi encamiñado a xestionar axudas". Para o Sindicato Labrego, os servizos sociais

deberían ter un carácter máis preventivo e comunitario e, en palabras de Isabel Vilalba, "se ben é importante xestionar axudas, pensamos que os servizos sociais deben ir máis alá".



## Pago adicional á carne de vacún de calidade

Neste ano 2006 entrou en aplicación o Regulamento (CE) nº 1782/2003, no que se contempla o novo réxime de pagamento único e outras axudas orientadas á protección ou á mellora do medio ambiente e para a mellora da calidade e a comercialización de produtos agrarios.

Neste último tipo de axudas están englobadas as que se denominan "Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade recoñecida oficialmente", que ampara aos animais sacrificados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2006 baixo a Indicación Xeográfica Protexida "Ternera Gallega" ou "Agricultura Ecolóxica de Galicia".

**O prazo para solicitar estas axudas remata o 15 de Xaneiro de 2007.**

A Consellería de Medio Rural está a mandar unha carta a todas as explotacións que sexan susceptibles de percibir este tipo de axudas, e que aínda non as solicitaran, na cal se achegará unha presolicitude cunha serie de datos que hai que comprobar. Na mesma carta tamén se indica a documentación que hai que achegar.

Estas solicitudes pódense presentar nas Oficinas Agrarias Comarcais.

Se non recibides esta carta, poden pasar por calquera oficina do Sindicato Labrego Galego para facer a solicitude.

## Axudas para reparar os danos causados polas inundacións de outubro no eido agrario galego

Serán obxecto de axuda a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas durante o mes de outubro de 2006 en explotacións agrícolas e gandeiras que non fosen cubertas polas medidas que poida adoptar a Administración xeral do Estado ou por calquera fórmula de aseguramento, público ou privado, no ámbito dos concellos de Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbria, Fisterra, Mazariños, Muxía, Val do Dubra, Vimianzo e Zas, na provincia da Coruña, e Baiona, Campo Lameiro, Cangas, Catoira, Cerdedo, Cotobade, Gondomar, Marín, Moaña, O Rosal, Oia, Poio, Pontevedra, Tomiño, Tui e Vilaboa, na provincia de Pontevedra.

Serán beneficiarios das axudas previstas nesta orde os titulares das explotacións agrícolas e gandeiras que sufrisen os danos obxecto de axuda, na medida en que non fosen totalmente cubertas por calquera outro sistema de cobertura de danos público ou privado.

As axudas concederanse de acordo cos seguintes criterios:

a) No caso de producións agrícolas, indemnizaranse os danos rexistrados na explotación, na produción esperada para a campaña.

b) No caso de bens, equipamentos e maquinaria, concederase unha axuda polo custo efectivo da restauración.

c) No caso de gando indemnizaranse consonte o baremo establecido nos anexos do Real decreto 1328/2000, do 7 de xullo.

A Consellería avaliarán as perdas obxecto de axuda e emitirán un informe coa valoración dos danos indemnizables.

**O prazo de presentación remata o 30 de decembro.**

## Habilitación do carné de aplicador e manipulador de fitosanitarios

Esta orde senta as bases para habilitar os carnés de manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico, expedidos en Galiza, para a utilización de produtos que non sexan ou xeren gases clasificados como tóxicos ou moi tóxicos.

Os titulares dos carnés mencionados que estean interesados en obter a devandita habilitación, deberán ter superadas as probas de

aptitude dos cursos homologados, en convocatorias anteriores á do ano 2006. Tamén terán en conta a acción informativa que se detalla no anexo I da resolución. Esta información, así coma a acreditación correspondente pódese atopar nas oficinas agrarias comarcais da Consellería do Medio Rural.

**O prazo de presentación das solicitudes remata o 19 de decembro.**

## Exención e moratoria no pago das cotas da Seguridade Social para @s afectad@s polos lumes

**1. Exención no pago de cotas da Seguridade Social en supostos de expedientes de regulación de emprego.**

A exención comprenderá tanto as cotas da Seguridade Social, incluídas as achegas empresariais e as dos seus traballadores, por contingencias comúns e profesionais, como as correspondentes aos conceptos de recadación conxunta mentres dure o período de suspensión do contrato de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo.

A exención, en caso de suspensión do contrato de traballo, será do 100 por 100 e, para o suposto de redución temporal da xornada de traballo, esa exención será proporcional a devandita redución.

As solicitudes de exención no pago de cotas acompañarase, se se houber ditado, a resolución da autoridade laboral recaída no expediente de regulación de emprego acordando a suspensión do contrato de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo como consecuencia da situación de forza maior. Se o expediente de regulación de emprego non se resolveu no momento de presentar a solicitude, aportarase dita resolución dentro dos quince días seguintes á data en que se dite.

**2. Moratoria no pago de cotas da Seguridade Social.**

A efectos da moratoria de ata un ano sen interese no pago das cotas da Seguridade Social por todas as contingencias así como polos conceptos de recadación conxunta con aquelas, correspondentes aos tres meses naturais inmediatamente anteriores á produción do sinistro, e recoñecida tanto ás empresas respecto da totalidade das achegas ao seu cargo como aos traballadores por conta propia incluídos en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social.

A acreditación dos danos farase con documentación expedida polo concello ou polo Delegado do Goberno ou, no seu caso, o Subdelegado do Goberno na provincia, acreditativa dos danos e da ubicación das empresas ou explotacións afectadas ou, no seu caso, mediante resolución favorable en expediente de regulación de emprego ou mediante resolución ou comunicación do Ministerio de Agricultura ou, no seu caso, a través da Entidade Estatal de Seguros Agrarios (ENESA) na que conste a condición de beneficiario das indemnizacións outorgadas en relación cos danos producidos polos incendios forestais.

**Prazo ata o 6 de xaneiro de 2007.**

# Compra - Venda - Troco

## VENDAS

### Véndense

Por peche de explotación:  
-Tractor John Deere 1140.  
-Autocargador GALLAGRI.  
-Encintadora FORTE.  
En Outeiro nº 8, Masma (Mon-  
doñedo).  
Chamar ao 616 989 964

### Véndense

-Arado de tres regos.  
-Grade de discos.  
Chamar ao 628 071 424

### Véndese

Autocargador POTTINGER Euro-  
profi 1. En moi bo estado.  
Preguntar por Gilo no teléfono  
676 622 403

### Véndese

Esterco de caprino en Allariz.  
Chamar aos números de teléfono  
988 441 000 e 627 094 135

### Véndese

Esterco de ovella en Baños de  
Molgas.  
Chamar aos números de teléfono  
988 430 146 e 686 304 617

### Véndese

LADA Niva 1.6. con enganche  
para remolque. En bo estado.  
Chamar ao 649 823 161

### Véndense

-Autocargador BEVILACQUA.  
-Rotativa GALFRE de cinco dis-  
cos.  
Chamar ao 982 349 163

### Véndense

-Herba seca en pacas penas.  
-Rolos de silo.  
-Segadora rotativa.  
-Grada de dentes.  
-Autocargador.  
-Remolque simple.  
En Touro (A Coruña)  
Chamar aos números de teléfono  
981 517 414 e 981 517 084



# Compra - Venda - Troco

## VENDAS

### Véndese

Tuias. Fáille á túa casa ou á túa leira un peche con tuias. Plantas coa raíz espida e de distintos tamaños. Vende Ramón.  
Chamar ao 619 963 003

### Véndese

-Remolque espaxecedor de estercos.  
-Tanque de frío de 330 litros, marca ALFA LAVAL.  
-Estendedor de silo con 1 ano de uso.  
Chamar ao 982 164 103

### Véndese

-Rulos de herba seca.  
Chamar ao 690 828 935

### Véndese

Equipo de frío para adega de 3.500 frigorías. Seminovo. Prezo: 1.850 euros.  
Preguntar por Xosé Antonio Carrasco no 981 295 429

### Véndese

Vacas de leite por abandono. Na zona de Cambas.  
Chamar ao 666 150 749

### Véndese

Pinza desensiladora marca TENIAS.  
Chamar ao 666 667 445

### Véndese

Tanque de leite de 1.050 litros, dous muxidos e sala de muxido de catro puntos.  
Chamar ao 620 622 581

### Véndese

Carro mesturador de 9 m3, con fresa. Tres anos e medio de uso.  
Chamar ao 625 871 440

### Véndese

-Fresadora HOWER 2.20 de labor.  
-Reper de cinco dentes con sub-solador.  
Chamar ao 686 118 173

### Véndese

Vaca Rubia Galega de seis anos, cunha cría de seis meses.  
Preguntar por Primo no teléfono 982 144 112

### Véndese

Finca rústica de dúas hectáreas preto d'As Pontes.  
Chamar ao 646 964 335

### Véndese

Xata de 14 meses de raza Cachena.  
Chamar ao 982 314 118

### Véndese

Xovencas frisonas con carta.  
Chamar ao 982 164 477

### Véndese

Autocargador CALGRI de 20 metros. Prezo: 1.200 euros.  
Chamar ao 982 177 080

### Véndese

Carro mesturador horizontal, de 10 m3, marca NUTRIFEED. Ten báscula electrónica, pé hidráulico e só dous anos de uso.  
Chamar ao 676 902 914

### Véndese

Autocargador galvanizado de 22 metros.  
Preguntar por Francisca no teléfono 981 788 221

### Véndese

Espaxecedor de estercos. En Touro (A Coruña).  
Chamar aos números de teléfono 981 517 414 e 981 517 084

### Véndese

-Tractor SAME 60 con dobre tracción.  
-Escampeadora.  
-Triciclo.  
-Desensilador KUHN.  
-Grade de dentes.  
-Secadora CAMON.  
-Rotoempacadora FARAVOLY.  
-Remolque de tractor.  
-Rastrillo mixto.  
-Fresadora 170 HOWARD.  
-Arado de dúas vertedoiras.  
Chamar ao 981 199 048

### Véndese

Trigo do país, calidade extrema.  
Chamar ao 653 781 267

### Véndese

Casa de pedra no lugar de Vilares, en Fisteus (Curtis), con terreo ou sen el.  
Chamar ao 625 096 129

### Véndese

-Tractor FIAT 7066.  
-Segadora BERTOLINI.  
-Desensiladora KUHN.  
Chamar aos números de teléfono 981 490 656 e 678 334 312

### Véndese

-Bomba trifásica de trasegar viño.  
-Trituradora trifásica.  
Preguntar por Xulio Francisco Boo no 636 900 607

### Véndese

-Máquinas de limpar trigo.  
-Muíño de tractor.  
-Muíño de corrente.  
Chamar ao 982 175 132

### Véndese

Malladora-espalladora de trigo na eira, marca CAMPEBA.  
Chamar ao 981 684 589

### Véndese

Moto de trail YAMAHA Teneré 600. Impecable.  
Chamar ao 696 105 786

### Véndese

Espalladora antiga con limpadora incorporada. En bo estado.  
Chamar ao 981 684 589

### Véndese

-Ocas.  
-Muíño eléctrico e de tractor.  
-Coche Nissan Almera DDI Turbo Diesel, 110 CV, 16 v. 5 anos e en bo estado. Bo prezo.  
-Coche Renault Megane Turbo Diesel 90 CV. Con 9 anos e en bo estado. Bo prezo.  
-Mobiliario de habitación: cama de 1'20, coqueta, 2 mesiñas e 1 lámpada. Con dous anos, de madeira de faia e en bo estado.  
Chamar aos números de teléfono 646 307 320 e 981 774 561

### Véndese

14 módulos polivalentes para cría ou engorde de coellos, modelo Rodeiro compacto.  
Chamar ao 616 465 077

### Véndese

Cuba de madeira en bo estado, cunha capacidade de 80 canadas (3.300 litros), aproximadamente.  
Chamar ao 982 171 663, entre as 14:00 e as 15:30 horas.

### Véndese

-Arado de monte mediano.  
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

### Véndese

Circuíto WESTFALIA, de tres puntos, con lavado automático.  
Preguntar por Xosé no teléfono 982 137 615

### Véndese

-Autocargador JB con pico novo.  
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 696 660 023

### Véndese

-270 gaiolas polivalentes para coellos e motor reductor para limpeza de foxas.  
Todo en bo estado. En Barea (Ourense).  
Chamar ao 988 457 400, ás 15:00 horas ou pola noite.

### Véndese

22 vacas marcadas de Rubia Galega, na provincia de Ourense.  
Chamar ao 607 403 883

### Véndese

-Trigo do país.  
-Porcos campestres cruce celta.  
-Herba seca en rolos grandes.  
-Semente de herba raigrás italiana, deste ano.  
Chamar ao 881 060 123

### Véndese

-Coche FORD Mondeo turbo diesel, matrícula C-BK.  
-Tractor JOHN DEERE 818.  
-1 Quad de 2'5, con 400 quilómetros, seminovo.  
Preguntar por Quico no teléfono 610 737 315

### Véndese

-Rotativa DEUTZ FARH de 1'90 de corte.  
-Tanque de leite JAPY de 1.200 litros e de expansión directa.  
Chamar ao 619 255 136, pola mañá.

### Véndese

Nave en Coirós: 1.200 m2, 2 plantas, valada, con corrente eléctrica, 3 pozos de auga, non apta para gandería, apta para o cultivo de flor. En bo estado.  
Chamar ao 696 831 373

## COMPRAS

### Mércanse

Pacas de palla. Mellor pequenas. En Teixeira (A Coruña).  
Chamar ao 981 789 215

### Mércase

Cisterna de 1.000 ou 1.500 litros.  
Chamar aos números de teléfono 986 665 353 ou 605 254 669

### Mércase

Sistema de limpeza das cortes.  
Chamar ao 628 616 664

### Mércase

Encintadora de rolos.  
Chamar aos números de teléfono 981 088 071 e 620 660 115

### Mércanse

-Cisterna de 6.000 litros.  
-Fresa de 2'30 metros.  
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

### Mércase

Invernadoiro, na zona de Crecente.  
Chamar aos números de teléfono 986 666 302 e 670 714 232

### Mércase

Depósito de aceiro inoxidable, apto para fermentación, de 500 a 1.000 litros.  
Chamar ao 658 479 254

### Mércase

Clasificadora de ovos antiga. Urxente.  
Chamar ao 630 640 136

### Mércanse

Conxelador e neveira.  
Chamar ao 881 060 123

## OUTROS

### Alúgase

Finca de 7 hectáreas con dúas naves, en Touro (A Coruña).  
Chamar aos números de teléfono 981 517 414 e 981 517 084

### Búscase

Operario para traballar en explotación.  
Chamar ao 653 781 267

### Búscase

Terreo de máis de 5.000 metros, con construcións ou non.  
Chamar ao 619 075 640

**Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.**





**Avelina Romero, produtora de leite e membro da Dirección Nacional do SLG**

*Avelina traballa unha explotación leiteira no lugar de Salgueiroas, parroquia de Ser, en Santa Comba. Son corenta vacas e 300.000 quilos de cota forxados con moito esforzo ao longo dos anos. Por iso, esta gandeira, membro da Dirección Nacional do Sindicato Labrego, ve con moita preocupación un plano leiteiro do Ministerio de Agricultura que deixará a Galiza sen poder ampliar a súa capacidade produtiva, e as intencións da Comisión Europea de desmantelar o sistema de cotas para deixar que impere a lei do máis forte no sector leiteiro.*

# “As axudas que che dan non compensan os prezos baixos que temos no leite”

■ **Ao falar do sector leiteiro, hai que falar de prezos. Como está o tema?**

En cuestión de prezos estamos mal, pois súbenos todo -o gasóleo, os pensos, os abonos, a Seguridade Social, o nivel de vida en xeral-, e o valor do leite non fai máis ca baixar. Do prezo que nos pagan a nós a como se vende despois o produto nun supermercado, haiche ben diferenza.

■ **Daquela, non recibe un prezo xusto polo leite que vende?**

Nin eu, nin ninguén no sector. Cada día quéimante máis. E as axudas tampouco compensan eses prezos baixos, pois esixen que cumpras cuns compromisos enormes, que supoñen máis gastos e obríganche a investir continuamente. Ao final, esfórzaste para mellorar todos os días e acaban por non darche nada. Aínda que teñas un fillo que queira seguir coa explotación, coma é o noso caso, non che dan ganas nin de animalo.

■ **Así que o seu fillo tamén quere ser gandeiro.**

Ao noso fillo encántalle traballar na explotación, e el quere continuar con ela, pero eu non lle vexo futuro para que poida tirar uns ingresos dignos. Vivir vívese, pero non che dá para contratar a alguén para poder coller uns días de descanso, por exemplo.

■ **Nesas condicións, non é de estrañar que o noso medio rural estea cada vez menos habitado.**

Lóxico, a xente nova non queda. Podes mellorar se te asocias, pero non en todos os lugares o dás feito porque as explotacións que tes ao redor non sempre queren asociarse.

■ **Que opina da actitude das industrias?**

Fan ben. Se están apoiadas polo goberno, para que van pagar moito polo leite se ninguén lle vai pedir explicacións? Elas fan o seu negocio, e mentres non haxa quen lles tusa, así seguirán.



Avelina pensa que a desaparición das cotas leiteiras suporía un duro pau para o sector

Eu creo que nese tema quen deba meter man é o Goberno e mirar máis por nós e polo sector.

■ **Pero comezou a haber negociacións de prezos na mesa do leite. Pensa que se sacou algo en limpo?**

Polo menos, aínda que non se saque nada en limpo,

as mesas serviron para que se reúnan todos os axentes do sector e escoiten a nosa voz e se decaten de que temos un problema forte cos prezos. Antes nin iso había. Polo menos, agora existe un foro no que expresar a túa posición e debatela, e denunciar o que sexa neces-

sario. Eu creo que a posición mantida polo SLG na mesa do leite, queiras que non, sempre vai sacar algo en positivo. Se cadra, algún día as industrias decatáranse de que as nosas reclamacións son xustas e recoñecerán o noso dereito a percibir uns prezos dignos.

## “Os únicos que se benefician do plan leiteiro do Ministerio son os cataláns”

■ **Pensa que a Administración está a facer todo o que debe?**

Deberíase facer máis dende o punto de vista de conceder máis cota leiteira. O Ministerio de Agricultura debería reunir toda a cota necesaria para repartila entre as explotacións que a necesiten para asegurar a súa viabilidade. Cando empecei, nesta casa había 30.000 quilos de cota. Hoxe temos 300.000, e tivemos que mercala toda. E para iso houbo que ir ao banco. Se o Goberno nos tivese dado esa cota ou, polo menos, nola tivese subvencionado, poderíamos ter investido os cartos noutras cousas. Así estamos: quen máis quen menos, hipotecado ata as orellas.

■ **Que opina do plan que ten o Ministerio de Agricultura para repartir a cota?**

Pois que os únicos que se van beneficiar son os cataláns, que teñen moitísima cota e explotacións moi grandes que poderán aumentar aínda máis a súa capacidade produtiva; mentres nós quedamos aquí, no currunchito do Estado, coma parvos. Parece

mentira, pero con este plan, onde máis explotacións hai e onde menos cota temos -é dicir, en Galiza- é onde menos se vai repartir. Xa me dirás, se a Cataluña lle queda o 80% da cota que teñen, ¡Miña nai querida! Na Galiza, que nos quede o 80% da cota é semellante a que non nos quede nada.

■ **E por riba, a Comisión Europea quere facer desaparecer as cotas.**

Eu iso véxoo mal. Toda a xente que se empeñou mercando cota para poder producir, que agora fique sen nada, iso tampouco é. Ademais, ao liberalizarse o sector, aquí poderá implantarse quen queira con tal de que teña cartos. Imaxina, que che veña unha grande empresa e che monte unha explotación con catro ou cinco empregados e duascenas vacas, dun día para outro. Como non dependen dos ingresos da explotación e poderán producir o que lles veña en gana, todo o que saquen vaillles ser rendíbel e, por riba, sen un céntimo de débedas por amortizar. Como imos competir contra eles?

“O único tempo libre que ten unha labrega é o que utiliza pola noite para durmir”

■ **Como labrega, como pensa que está a situación das mulleres do agro en Galiza?**

Normalmente, somos as que máis traballamos na explotación: tes que atender a casa, coidar dos rapaces, ir á compra, acompañar ao home ás fincas, e fas de todo. Creo que a causa de todo isto foi o xeito en como fomos educados e educadas. Se cadra, un matrimonio que traballa só e vive no campo, é máis doado que o home bote unha man na casa; pero se estás cos sogros e cos pais, xa é máis complicado, pois non ven ben iso de que un home poña a lavadora.

O home traballa na explotación, pero ti vas de par del; despois, chega un intre no día no que el para, pero ti tes que seguir. Noutros sectores, as mulleres xa teñen máis tempo libre, e días festivos; pero nunha explotación, o único tempo libre que ten unha muller é o que utiliza para durmir, despois de cear e fregar pola noite.

■ **Non hai apoio dos servizos sociais da Administración?**

Moito non hai, e se nos apoiasen melloraría moito a situación. Imaxina unha labrega que, por riba, teña que coidar dunha persoa maior que non se valla por si mesma. Hai que levantala, limpala, darlle de comer e, por riba, facer o resto do traballo. Iso queima. E se tes que pagarlle a alguén, xa non te dan as contas. Aquí, se vas ao Concello a solicitar axuda, con sorte podes ter un/unha coidador/a que che veña a axudar unha hora por día a coidar dese maior, pero non chega a nada. Se houbese un centro de día, por exemplo, xa sería outro cantar. Pero non o hai.